

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FRATERNIDAD LOCAL DE LA ORDEN FRANCISCANA SEGLAR DE MONDOÑEDO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RESTAURACIÓN DA CAPELA DA VENERABLE ORDE TERCEIRA DO ANTIGO CONVENTO DE ALCÁNTARA, MONDOÑEDO (LUGO).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Fraternidad Local de la Orden Franciscana Seglar de Mondoñedo o instrumento conxunto arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento conxunto ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fraternidad Local de la Orden Franciscana Seglar de Mondoñedo, para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de restauración da Capela da Venerable Orde Terceira do Antigo Convento de Alcántara, Mondoñedo (Lugo).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxunto que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O conxunto de Alcántara está protexido polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) (DOG núm. 92 do 16.05.2016). O inmovible está incluído dentro do ámbito da cidade histórica de Mondoñedo, declarada Conxunto Histórico Artístico o 2.05.1985; está recollido na ficha núm. 55 do catálogo do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico do 24.03.1994 (BOP 15.04.1994) e no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave 27030_14687.

A capela da Venerable Orde Terceira forma parte do complexo monumental de Alcántara, antigo convento de san Pedro de Alcántara, do cal só se conservan a igrexa de san Pedro, a capela da Venerable Orde Terceira, a antiga sancristía da capela, así coma restos do antigo claustro do mosteiro. Está situada na praza de Jaime Cabot dentro dos límites do Conxunto Histórico-Artístico de Mondoñedo, fóra do recinto urbano medieval, no límite suroeste do conxunto histórico sobre unha explanada que se eleva sobre este e a catedral.



A capela é propiedade da Fraternidad Local de la Orden Franciscana Seglar de Mondoñedo e a referencia catastral de acordo cos datos da Oficina Virtual do Catastro é 2498003PJ3029N0001OT.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do conxenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

